TOCA FACER EXAMES DE RECUPERACIÓN

Penúltima fin de semana de decembro para os equipos numantinos que, agás os cadetes, colleitaron malos resultados no fútbol - 11. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Perderon na casa ante un rival directo como o ADC Capela. Pese a que as sensacións foron boas, escapáronse tres puntos importantes. Haberá que seguir loitando para rematar este 2013 na zona nobre da 2ª Autonómica.

XUVENÍS: Foron superados en Prados Velllos polo Galicia de Caranza "B". Non terminan de atopar regularidade estos xuvenís, agardemos que cando menos acaden a vitoria no último partido do ano.